



## Concello de Bueu

<b>Expediente</b>	3189/2019
<b>Código SIA</b>	1428945
<b>Procedemento</b>	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
<b>Asunto</b>	Procedemento para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu
<b>Documento</b>	Anuncio do Tribunal
<b>Trámite</b>	1º. Cualificacións definitivas obtidas polas aspirantes na segunda proba do primeiro exercizo " <i>Probas teóricas</i> " consistente no cuestionario de 05 preguntas de contido teórico  2º. Convocatoria do segundo exercizo. Proba práctica (obrigatorio e eliminatorio).

### Anuncio do Tribunal

#### **1º.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA OBTIDA POLAS ASPIRANTES NA SEGUNDA PROBA DO PRIMEIRO EXERCIZO "PROBAS TEÓRICAS" CONSISTENTE NO CUESTIONARIO DE 05 PREGUNTAS DE CONTIDO TEÓRICO.-**

Finalizado o prazo para a presentación de reclamacións e alegacións á segunda proba do primeiro exercizo "*Probas teóricas*" consistente no cuestionario de 05 preguntas de contido teórico, sen terse presentada alegación ou reclamación algunha, as cualificacións provisionais obtidas polas aspirantes que comparecen á lectura pública da citada proba quedan elevadas a definitivas.

Pode consultar o texto íntegro do anuncio do Tribunal, de data 7.10.2020, que contén as cualificacións provisionais elevadas a definitivas, identificado co código seguro de validación (CSV) núm. 9X5NENQN6X2LDCMJDC3KDEYZ7, mediante a introdución de dito código na pestana relativa a "INFORMACIÓN XERAL" apartado "validación de documentos" da sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>).

De acordo coa base 8.2.a das bases reguladoras do procedemento, ao tratarse a segunda proba do primeiro exercizo "*Probas teóricas*" consistente no cuestionario de 05 preguntas de contido teórico, á que se refire o listaxe de cualificacións definitivas referido nos parágrafos anteriores, dunha proba eliminatoria, as aspirantes que non alcanzasen un mínimo de 5,00 puntos, son consideradas non aptas, quedando excluídas do procedemento.

#### **2º. CONVOCATORIA DO SEGUNDO EXERCIZO. PROBA PRÁCTICA (OBRIGATORIO E ELIMINATORIO). LECTURA PÚBLICA DO SEGUNDO EXERCIZO**

Consonte o sinalado no punto 1º do presente anuncio, o tribunal **convoca a ALBA CARRERA DACUÑA**, por ser a única candidata que ten superada as dúas probas teóricas, obrigatorias e eliminatorias, que conforman o primeiro

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 6HK56CAZ6XKTZ3LF3XPL75XSN | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



## Concello de Bueu

exercicio (apartado a) da base 8.2), á realización do segundo exercizo, proba práctica, consistente na resolución, dun ou varios supostos prácticos que determine o tribunal, relacionado coas materias que resultan do temario contido no anexo I das bases reguladoras, **ás 10, 00 horas da mañá do VINDEIRO XOVES, 15 DE OUTUBRO DE 2020, NO SALÓN DE PLENOS DA CASA CONSISTORIAL do Concello de Bueu, sita en sita na rúa Eduardo Vincenti nº8 , Bueu.**

Os/as aspirantes admitidos ao proceso selectivo e non convocados á realización do segundo exercizo, proba práctica, ou non compareceron á celebración do primeiro exercizo, ou non superaron algunha das probas teóricas que conforman o primeiro exercizo do proceso, de conformidade co disposto na base 8ª.a) das bases xerais do proceso.

A aspirante convocada á realización da proba práctica deberá comparecer, provista do DNI orixinal ou outro documento fidedigno, orixinal e con fotografía, á hora establecida para a súa realización.

**Se a aspirante non comparece ao chamamento, teráselle por “non presentado” e, por tanto, excluída do proceso selectivo.**

Para a realización desta proba, a aspirante poderá acudir provista, para a súa consulta, de copias de normativa, en soporte papel, publicadas no Boletín Oficial do Estado, ou diarios oficiais (DOG e BOP.PO), así como textos legais de calquera editorial aínda que inclúan comentarios, sempre que estes se limiten exclusivamente a meras concordancias normativas, citas de resolucións xudiciais ou administrativas, ou referentes a textos publicados por autores sobre a materia. Agora ben, non se considerarán textos legais aos efectos sinalados nesta base libros de texto, sentencias, mementos ou similares.

**Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o Tribunal pola candidata, inmediatamente despois da súa realización. O Tribunal poderá realizar preguntas ou solicitar aclaracións acerca do seu contido.**

A lectura terá carácter público, pero só se poderá entrar ou saír do salón de plenos antes do seu inicio ou unha vez finalizada, non durante a exposición.

Está absolutamente prohibida a gravación da sesión e/ou a toma de imaxes, así como ter conectados, durante as lecturas, teléfonos móbiles ou outros dispositivos electrónicos, non podendo acceder a eles nin a candidata, nin o público asistente.

### **PAUTAS COMÚNS E MEDIDAS DE SEGURIDADE POR MOR DO COVID19 :**

Lembrase a esixencia de que tanto a candidata ao que lle corresponda a realización e posterior lectura da proba práctica, como aqueles que desexen asistir á lectura pública do examen, deberán **cumplir e respectar, en todo momento, as PAUTAS COMÚNS E MEDIDAS DE SEGURIDADE POR MOR DO COVID19** establecidas no punto resolutivo 5º do decreto de alcaldía núm. 890/2020 de 7.7.2020, contidas no edicto núm. 37/2020 de 7.7.2020, publicado no taboleiro electrónico do concello (CSV: Jcq7A3QN6GC5CNR7XXGML5RQK) \*,

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 6HK56CAZ6XKTZ3LF3XPLY5XSN | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



## Concello de Bueu

e as que resultan do anuncio da presidenta do Tribunal, de data 16.9.2020 (CSV: 4MEQW9ZJ4LW3QXX7YMZZJ3KCJ) \*, co obxecto de garantir a celebración presencial das probas correspondentes a este procedemento en condicións de máxima seguridade sanitaria e protección da saúde pública cos medios dispoñibles no concello

O **aforo máximo do salón de plenos**, sen prexuízo do carácter público do proceso selectivo, deberá permitir cumprir co requisito da distancia interpersonal de metro e medio.

(\*) *Pode consultar o texto íntegro dos documentos identificados co CSV mediante a introdución na pestana relativa a "INFORMACIÓN XERAL" apartado "validación de documentos" da sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>) do código seguro de validación.*

O que se fai publico mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado "INFORMACIÓN XERAL"-Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público") sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello (apartado "Cidadanía"- "Procesos selectivos"-1- Proceso selectivo técnico/a administración xeral "), para coñecemento dos candidatos no procedemento selectivo de referencia, en aplicación en aplicación das bases 8ª.3 e 14ª.2 das bases reguladoras do procedemento selectivo.

*Documento asinado electronicamente á marxe*

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 6HK56CAZ6XKTZ3LF3XPLY5XSN | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3